



O Parlamento de Galicia aclara que o Regulamento da Cámara non pode ser reformado pola Deputación Permanente

- **En resposta ao escrito presentado polo portavoz de AGE, a presidenta da Cámara recorda que a composición da Mesa do Parlamento está recollida no Regulamento da Cámara que, por ter rango de lei, só pode ser modificado a través do procedemento legislativo, competencia da que carece a Deputación Permanente**
- **Razóns de carácter xurídico impiden dar trámite á petición formulada por AGE**

Santiago, 15 de novembro de 2012.- Dado que a composición da Mesa do Parlamento está establecida polo Regulamento da Cámara (artigo 29.2) e que este ten rango de lei, a súa modificación só pode efectuarse a través do procedemento legislativo e por un órgano con competencias legislativas das que carece a Deputación Permanente.

Este é o eixe da resposta xurídica enviada esta tarde pola presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, ao portavoz de AGE, que presentara un escrito solicitando aumentar o número de membros da Mesa da Cámara.

Razóns de carácter xurídico impiden, polo tanto, dar trámite á petición formulada por AGE.

A resposta da presidenta da Cámara foi presentada esta mesma tarde no Rexistro do Parlamento de Galicia.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia